



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032022

MEMORIA DO CONTRATO DE OBRA “AMPLIACIÓN DA PONTE DO ALLO” COAS 032022 (POS+ADICIONAL 2/2021 2ª FASE) MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CON APLICACIÓN DE XUÍZOS DE VALOR E CRITERIOS DE APRECIACIÓN AUTOMÁTICA, TRAMITACION ORDINARIA.

1. OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto a mellora das carencias de comunicación do polígono industrial do Allo, xa que actualmente conta cunha comunicación a través dunha ponte moi deteriorada. Por razóns de interese público e para prolongar a vida útil do mesmo óptase por estas obras de mellora e mantemento. É financiado pola Deputación da Coruña a través do POS+ADICIONAL 2/2021 2ª FASE.

2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO

As zonas do proxecto (polígono industrial do Allo na parroquia do Allo) ten actualmente unha comunicación, a través dunha ponte moi deteriorada. A súa anchura dispoñible non permite a circulación de vehículos articulados, camións, furgóns e incluso algúns turismos de gran tamaño que entran ou saen do polígono, no que se encontra situada unha estación da ITV, na que concorre unha importante cantidade de vehículos.

Con este contrato preténdese conseguir mellorar as carencias de comunicación do polígono, dotando a dita ponte dun paso coa anchura necesaria sobre o río, de maneira que o polígono quede comunicado coa estrada existente pero sen prexudicar as condicións actuais do río de Baio, dado que se pretende executar unha nova ponte con luz libre do mesmo ancho que o leito, eliminando a pila intermedia existente na ponte actual e estando o novo taboleiro as mesmas cotas que o actual, restablecendo na medida do posible o estado natural do leito. A necesidade administrativa a satisfacer consiste na mellora da infraestrutura viaria existente, sendo ademais, os accesos aos núcleos de poboación e a pavimentación das vías un servizo de prestación obrigatoria para este concello, segundo o disposto no art. 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Así mesmo, tamén se teñen en conta razóns de interese público, que fan preciso iniciar o procedemento de contratación.

Dado que o Concello carece dos medios materiais e persoais necesarios, como xa se indicou no informe de necesidade do 05/04/2022, faise preciso recorrer á contratación externa da obra, para o cal se redactou o



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032022

correspondente proxecto técnico, e se pretende contratar mediante un contrato administrativo de obra.

3. DESCRICIÓN

As actuacións proposta son:

- Demolición da ponte existente para a execución dunha nova ponte, e porte dos RCD a vertedoiro ou xestor autorizado.
- Actuacións previas de acondicionamento do leito consistentes nunha primeira regularización e posterior recheo do lateral cunha mellora do terreo con pedraplén, ata a cota axeitada para o asentado dos estribos.
- Execución dos dous estribos e a execución dun taboleiro de 8,7 metros de ancho apoiado sobre vigas prefabricadas. Con esta anchura preténdese dar ancho suficiente ao paso sobre o río deixando dous carrís (un por sentido de circulación) para vehículos e unha franxa peonil de 1,5 m, así como a inclusión dunhas aletas de separación entre o espazo para vehículos e os peóns.
- Ensanche da calzada e adaptación do trazado ao novo ancho da ponte, incluso dotación e continuación da rede de pluviais.
- Reposición do firme nas proximidades da ponte para que a rodadura dos vehículos se produza de maneira segura e cómoda para os condutores que circulen polo polígono industrial, incluso sobreanchos para suavizado de xiros.
- Obras de defensa (pretís, biondas e topes) para garantir a seguridade de vehículos e persoas na ponte.

4. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato é de tres meses.

5. VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Orzamento de execución material	89.220,05 €
Custos indirectos	2.598,64 €
Custos directos	86.621,41 €
Gastos xerais (13%)	11.598,61 €
Beneficio industrial (6%)	5.353,20 €
Orzamento base de licitación sen IVE	106.171,86 €
IVE (21%)	22.296,09 €
Orzamento base de licitación con IVE	128.467,95 €

Método de cálculo do Valor Estimado:

Orzamento base de licitación (IVE excluído)	106.171,86 €
Importe das modificacións previstas	0,00 €



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032022

(IVE excluído)	
Importe das opcións eventuais (IVE excluído)	0,00 €
Importe das primas pagaderas aos licitadores (IVE excluído)	0,00 €
Prórroga (IVE excluído)	0,00 €
TOTAL VALOR ESTIMADO	106.171,86 €

No orzamento municipal do ano 2022 existe crédito a cargo da aplicación orzamentaria 1531.619.00 para atender ás obrigas derivadas do presente contrato.

A obra é financiada pola Deputación da Coruña por un importe de 128.467,95 €, o que representa unha porcentaxe do 100 %.

6. DIVISION EN LOTES

As prestacións comprendidas no presente contrato constitúen unha unidade funcional, sendo indivisibles pola implicación da necesidade de coordinar a execución das diferentes actuacións, perdendo a optimización do control da execución global no caso de división en lotes.

7. PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN

Utilizarase o procedemento aberto simplificado do art. 159.1 da LCSP dado que o valor estimado do contrato non supera á cantidade de 2.000.000 €, para o caso de obras.

Neste procedemento todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Con este procedemento preténdese unha contratación rápida e áxil, dado os prazos previstos, simplificándose os trámites ao máximo.

8. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN

Na elección dos criterios de adjudicación téñense en conta os requisitos do procedemento seleccionado e as esixencias do POS.

Optouse por fixar criterios que atenden á relación calidade-prezo, conforme ao artigo 145 da LCSP.

Os criterios de valoración son os seguintes:

FASE I: CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032022

a) Plan de control de calidade:

5 puntos

Valorarase:

- Suficiencia do control de calidade na recepción de materiais na obra.
- Idoneidade do plan de control de calidade proposto para a obra.
- Evitar duplicidades nos controis dos ensaios a realizar pola propia empresa e pola administración.
- Suficiencia do control de calidade nos procesos construtivos.
- Adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra.

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.	Ata 100%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.	Ata 65%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra.	Ata 30%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra.	0%

b) Programa de traballo:

5 puntos

Valorarase:

- Análise correcta do ámbito de actuación.
- Análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas.
- Descrición técnica adecuada dos traballos a realizar.
- Disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, contedores, maquinaria, etc.).
- Circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra.
- Calidade suficiente dos materiais a empregar na obra.
- Coherencia dos diagramas de GANTT e PERT.
- Adecuación dos medios humanos asignados á obra, por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Adecuación dos medios materiais asignados á obra, por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Descrición posibles problemáticas ou desviacións durante a execución.

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de traballo que	Ata 100%



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032022

presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.	
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra.	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra.	0%

c) Programa de actuación ambiental:

5 puntos

Valorarase:

- Análise correcta da relación da obra co medio ambiente.
- Análise correcta das posibles afeccións ambientais.
- Descrición axustada das medidas de control e corrección previstas.
- Adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos.
- Xustificación da certificación ambiental dos materiais a empregar.
- Axuste das medidas de aforro enerxético a adoptar.
- Axuste das medidas de recuperación e rexeneración ambientais a adoptar ao final da obra.
- Informe completo da xestión dos residuos na súa trazabilidade e procesos.
- Emprego de materiais con certificados sostibles, reciclados ou reciclables.
- Axuste doutras medidas destinadas a minorar o impacto ambiental dos traballos a realizar.
- Descrición adecuada dos vertedoiros e centros de xestión dos residuos.
- Axuste dos medios humanos asignados a xestión ambiental, na empresa e na obra.

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de actuación ambiental que presenta unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de actuación ambiental que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de actuación ambiental que presenta unha definición parcial con suficiente adaptación á obra.	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de actuación ambiental que presenta unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra.	0%



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032022

d) Esquema do plan de seguridade e saúde:

5 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.	Ata 100%
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.	Ata 65%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra.	Ata 30%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra.	0%

EXCLUSIÓNS

As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asinados na Fase 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental e o esquema do plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto.

FASE II: CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

II.1.-OFERTA ECONÓMICA:

Puntuación específica para o presente contrato:

42 puntos

De acordo coa fórmula elaborada, a pedimento da Deputación Provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC, a súa desagregación, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura na seguinte ligazón:

<https://www.dacoruna.gal/valoracion/>

II.2.-ESTABILIDADE NO EMPREGO:

II.2.1. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.

Puntuación específica para o presente contrato:

10 puntos

Segundo a documentación que se inclúa no arquivo ou sobre electrónico C o licitador, (cláusula 12) terase en conta o porcentaxe de persoas traballadoras



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032022

(homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa polo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma, en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do persoal.

Para valorar este criterio o cadro de persoal deberá estar formada por un mínimo de 5 traballadores, directamente relacionados coa execución de obras en xeral.

Obterá a máxima puntuación a empresa que teña unha porcentaxe do 75 % ou máis.

O resto valorarase proporcionalmente, en relación cós 75 %.

As empresas que contén con un porcentaxe menor do 40 % do persoal fixo non se valorarán.

II.2.2. Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa

Puntuación específica para o presente contrato:

0 puntos

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C, (cláusula 12) conte cunha porcentaxe de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras fixas do persoal recibirá a puntuación que se indica a continuación:

- Empresas de 25 ou menos traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que contén cunha porcentaxe do 12% ou máis, o resto valorarase proporcionalmente.
- Empresas entre 26 e 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que contén cunha porcentaxe do 10 % ou máis, o resto valorarase proporcionalmente.
- Empresas de máis de 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que contén cunha porcentaxe do 8 % ou máis, o resto non se puntuarán.

II.2.3. Contratación desempregados

Puntuación específica para o presente contrato:

0 puntos

O licitador que teña o maior porcentaxe de traballadores que fosen contratados nos 12 meses anteriores a data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servicio Público de Emprego conseguirá a máxima puntuación. Os demais porcentaxes valorarase proporcionalmente.

II.3.- IGUALDADE

Puntuación específica para o presente contrato:

8 puntos



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032022

Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación.

No caso de que se valore a existencia dun plan de igualdade, a empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato.

A empresa que conte con plan de igualdade acreditado ou presentado no rexistro correspondente, obterá a máxima puntuación deste criterio. A empresa que non conte con plan de igualdade cualificarase con 0 puntos.

9. CLASIFICACION E SOLVENCIA

Non se esixe a clasificación dado que o valor estimado do contrato non é igual ou superior a 500.000 €.

A solvencia esíxese segundo o contemplado no ROLECE e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

10. REPERCUSIÓNS SOBRE A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E A SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA

O presente contrato e a súa execución e mantemento permitirán o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, segundo o informado por esta Alcaldía no informe con data do 22/04/2022.

11. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Con carácter exclusivo e excluín-te:

Plataforma de Contratación do Sector Público
(<https://contrataciondelestado.es>)

12. ORGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano competente para contratar é o alcalde do Concello de Zas, de conformidade coa disposición adicional segunda da LCSP.

13. RESPONSABLE DO CONTRATO

O director facultativo da obra.

14. CONDICIÓN S ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

O adxudicatario e os subcontratistas que participen na execución da obra, terán que cumprir obrigatoriamente algunha condición especial de execución das reflexadas na cláusula 27 dos PCAP.

Durante os traballos cumpríranse as condicións das autorizacións sectoriais:

- Augas de Galicia:

- 1- Condicións xerais das autorizacións de Augas de Galicia
- 2- Condicións particulares:



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032022

- As obras que se solicitan están situadas no punto de coordenadas UTM (ETRS89) X=505247 Y=4777836.
- Para a execución da ponte deberanse poñer os medios para a realización dos traballos en seco, debéndose tomar, en todo caso, as medidas encamiñadas a evitar calquera contaminación das augas durante as obras (balsas de decantación, barreiras de retención de lodos, gabias provisionais, etc.). En canto aos desvíos provisionais, a súa duración deberá ser a mínima indispensable para a execución dos traballos e terá capacidade para desaugar canto menos en caudal de avenida T=5 anos.
- En ningún caso o cemento (ou materiais cementantes) ou a cal, ou calquera outro residuo que reaccione coa auga poderá entrar en contacto coa auga do río, o que podería producir unha contaminación grave das augas. A tal efecto deberán disporse as cautelas que sexan necesarias.
- Deberán terse en conta que os danos que se poidan producir no río ou a contaminación producida neste polo incumprimento das condicións anteriores será responsabilidade do solicitante, lembrándolle que ambos son supostos constitutivos de infracción administrativa segundo a lexislación de augas.
- O titular da actuación é responsable das consecuencias derivadas da instalación da infraestrutura, debendo responsabilizarse de eventuais efectos que prexudiquen a terceiros, e da súa corrección. Tamén é responsable da bondade dos resultados dos cálculos presentados.
- A zona das actuacións, no que respecta a protección de dominio público hidráulico, está situada en parte nunha zona ARPSI (Zona de Risco Potencial Significativo de Inundación), polo que o promotor da actuación debe asumir este risco potencial, tanto par as persoas como os bens.
- É responsabilidade do titular a capacidade de evacuación das obras de drenaxe transversais, así como o seu mantemento e conservación.
- Non se toldarán as augas dos leitos pola execución das actuacións.
- As obras deberán realizarse en épocas de augas baixas ou estiaxe.
- As obras deberán realizarse sen a introdución de maquinaria pesada no leito. En caso de precisar desvíos provisionais para a execución das obras deberán solicitar a correspondente autorización a este organismo de cunca.
- Calquera actuación sobre a ponte que poida levar ao seu derrube total ou parcial, e os danos que se poidan producir ao dominio público hidráulico ou terceiros será responsabilidade do solicitante.
- Non se permitirá o emprego de substancias químicas ou calquera contaminante que os traballos poidan entrar en contacto coas augas e que por escorrentas poida chegar ao río.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

COAS 032022

- En ningún caso o cemento (ou materiais cementantes) ou a cal, ou calquera outro residuo que reaccione coa auga poderá entrar en contacto coa auga do río, o que podería producir unha contaminación grave das augas. A tal efecto deberán disporse as cautelas que sexan necesarias.
- Evitarase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira.
- Deixarase en todo caso expedita a franxa de servidume de 5 metros de ancho medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.
- Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de materiais que poidan incorporarse ó río por escorrentas ou cheas.
Os residuos xerados durante a construción deberán ser tratados adecuadamente.
- As obras deberán estar remadas antes do 25/05/2023, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido ese prazo.
- Rematadas as obras, comunicáraselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno.

En Zas, na data que figura á marxe.

O Alcalde,
Manuel Muíño Espasandín.